



LER
PARA
SABER



Estrategias de animación a la lectura

edebé



**Estrategias
de animación
a la lectura**

LIBRO: A LECTORA DE MENTES											
COMPETENCIAS CLAVE											
ESTRATEGIA	CL				CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CPEC
	ESCOITAR	FALAR	LER	ESCRIBIR	COMPETENCIA PLURILINGÜE	COMPETENCIA MATEMÁTICA E EN CIENCIA, TECNOLOXÍA E ENSEÑARÍA	COMPETENCIA DIXITAL	COMPETENCIA PERSOAL, SOCIAL E DE APRENDER A APRENDER	COMPETENCIA CIDADÁN	COMPETENCIA EMPREENDEDORA	COMPETENCIA E EXPRESIÓN CULTURAL
1	X	X	X	X				X	X		
2	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
3	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
4			X	X				X		X	X
5	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

ACTIVIDADE 1:

Antes da lectura: «**A LECTORA DE MENTES**»

OBXETIVOS

- * Motivar a lectura do libro.
- * Traballar a expresión oral e escrita.
- * Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en equipo.
- * Fomentar a capacidade crítica.
- * Desenvolver a capacidade imaxinativa mediante a creación de hipóteses de lectura a partir do título e da ilustración da portada.

DESCRICIÓN

Nesta actividade o profesor/a dividirá a clase en grupos de 3-4 alumnos/as. Os grupos terán que dialogar sobre a portada e a contraportada do libro para facer hipótese sobre este antes da súa lectura.

Para iso, terán que fixarse en:

- * O título da obra: Que lles suxire de entrada? Que relación podemos establecer entre o título e a ilustración da portada?
- * A ilustración e a tipografía do título: Quen ou que aparece nela? Que nos suxire a tipografía e o debuxo? A que nos lembra?
- * Na contraportada: Podería ser esta unha historia real? Que se destaca da novela? Que tipo de historia podemos intuir que se desenvolverá no libro?

Unha vez que os grupos debatan sobre estes puntos, farase unha posta en común das conclusións e dúbidas ás que chegasen cada un deles. O profesor, durante a posta en común, tomará nota dos aspectos máis relevantes para que, unha vez rematada a lectura do libro, comprobe se as hipóteses iniciais se cumpriron ou non.

ORIENTACIÓNS

Nesta actividade o profesorado pode engadir máis aspectos que se deban ter en conta na análise do libro se o considera oportuno ou, tamén, en función dos intereses do grupo-clase.

ACTIVIDADE 2: «COÑECEMOS O AUTOR (CÉSAR MALLORQUÍ)»

OBJETIVOS GENERALES

- * Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en grupo.
- * Desenvolver a expresión oral e escrita.
- * Fomentar o gusto pola estética.
- * Aplicar técnicas dixitais.

DESCRIPCIÓN

Nesta actividade, o grupo-clase organizarase en pequenos grupos de 4 ou 5 alumnos para que lles resulte doado organizarse e establecer pautas de traballo.

Pedirase a cada grupo que elabore unha presentación dixital sobre o autor do libro: César Mallorquí.

Para iso poden consultar diferentes tipos de material: fotografías, entrevistas, artigos xornalísticos, etc.

Unha vez rematada a preparación da presentación dixital, farase unha pequena exposición (que sería conveniente, non debería exceder os 10 minutos de duración) para presentar o resultado final ao resto da clase.

Unha vez rematada cada exposición, o resto da clase avaliará o grupo tendo en conta os seguintes aspectos:

- * Se o proxecto foi ben planificado.
- * Se a presentación é correcta.
- * Se a información explicada concorda coa proxectada.
- * A orixinalidade da exposición.
- * Se na exposición participaron todos os membros do grupo.

Para iso entregaráselle a cada grupo de traballo unha ficha de avaliación cos distintos elementos que deberán avaliar. Puntuaranse de 1 a 5, sendo 1 a puntuación mínima e 5 a máxima.

	EQUIPO	1	2	3	4	5
1	O proxecto foi ben planificado					
2	A presentación é correcta					
3	A información explicada concorda coa proxectada					
4	Orixinalidade da exposición					
5	Todos os membros do grupo participaron na exposición					

ORIENTACIÓNS

A criterio do profesor, poderase engadir algún outro elemento para avaliar na ficha avaliativa.

ACTIVIDADE 3:

Durante a lectura: «**A TELEPATÍA A XUÍZO**»

OBXETIVOS

- * Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en equipo.
- * Traballar a expresión escrita.
- * Desenvolver a expresión oral e a capacidade argumentativa.
- * Potenciar a autoconfianza e o autocontrol.

DESCRICIÓN

No libro, os dous protagonistas, Olivia e Carlos, e a irmá de Olivia, Sofía, teñen un poder especial chamado "telepatía".

Nós vamos levar a telepatía a «xuízo».

Dividiremos a clase en pequenos grupos, de 2-3 persoas. Cada un deles preparará o discurso que posteriormente dará o voceiro ante o gran grupo. O tema do discurso ten que xirar arredor da defensa ou rexeitamento da telepatía como realidade nalgunhas persoas.

Un xurado composto por un membro de cada grupo avaliará, nunha escala do 1 ao 10, cada un dos seguintes elementos: claridade expositiva, interese pola temática, orde na exposición, vocalización, entoación, argumentación, etc.

Coas puntuacións recollidas:

- * Calcularanse as notas medias de cada ítem, así como a nota media global.
- * Elaboraranse as gráficas correspondentes en diferentes formatos.
- * Elaborarase un cadro comparativo coas cualificacións obtidas por cada grupo.

ORIENTACIONES

Ninguén debe ser obrigado/a a realizar a intervención oral. É unha decisión que teñen que tomar eles/as. Como docentes, a nosa función ten que ser a de guiar, orientar e dar confianza e seguridade.

Se non houberse ningún grupo que quixese defender a posición do rexeitamento ou da defensa, o profesor/a tería que convencer a alguén para que a defendese.

Os elementos para avaliar son orientativos: o profesor ou profeora, seguindo o seu criterio e coñecendo o grupo, pode modificalos segundo o considere oportuno.

ACTIVIDADE 4:

Durante a lectura: «**CAL É O TEU DESEXO?**»

OBXETIVOS

- * Ser capaz de formular desexos persoais.
- * Saber valorar ata que punto os propios desexos son alcanzables por un mesmo ou precisan da intervención doutros factores para que se cumpran (persoas, azar...).

DESCRIPCIÓN

O docente lembrará os desexos de Olivia no libro, e proporalles aos nenos/as: "Ao igual que Olivia, que intenta usar o seu superpoder para facer o ben, nós tamén temos desexos que parecen difíciles de alcanzar".

Os/as alumnos/as pecharán os ollos durante un minuto e tentarán visualizar o seu desexo cumprido e como o conseguiron. Ao abrir os ollos, en silencio, anotarán de forma anónima o seu desexo nun "post-it".

O/a profesor/a pasará polas mesas cunha cartolina e os/as nenos/as irán pegando o seu desexo. Farase unha lectura en voz alta dos desexos (respectando o anonimato) para compartir experiencias. Nunha segunda fase, haberá que distinguir cales destes desexos dependen do azar (por exemplo, "que gañe a lotería") ou do esforzo e da elección persoal ("Gustaríame sacar mellores notas") e tamén aqueles cuxo cumprimento depende doutra ou outras persoas (por exemplo, "quero que os meus pais separados volvan xuntarse").

ORIENTACIONES

Cómpre valorar e subliñar, en todos os casos, que peso temos nós (e as nosas accións) para que estes desexos se cumpran e, de ser así, cal sería a nosa participación. Moi importante nesta actividade é o respecto polas opinións e desexos dos demais.

ACTIVIDADE 5:

Despois da lectura: «**A PATRULLA X**»

OBXETIVOS

- * Investigar sobre accións de xustiza.
- * Coñecer os obxectivos de desenvolvemento sostible relacionados coa paz e a xustiza.
- * Realizar unha investigación sobre os “*heroes*” que loitan pola xustiza.
- * Desenvolver a creatividade e o emprendemento.

DESENVOLVEMENTO

Vinculamos o libro ao obxectivo de desenvolvemento sostible 16 “Paz, xustiza e institucións sólidas”, aínda que nos imos centrar nos aspectos da Xustiza.

En primeiro lugar, en pequenos grupos, ou en gran grupo, faremos un trebón de ideas sobre o que sabemos sobre ese obxectivo (relacionado coa Xustiza).

A continuación, o profesor proxectará un vídeo onde hai información sobre ese obxectivo: <https://www.youtube.com/watch?v=b4BE54p2TPM>

No libro, a protagonista, Olivia, tenta restaurar a Xustiza no mundo co seu superpoder, loitando contra unha situación na que o mal se fixo forte. O obxectivo é que os estudantes atopen persoas que loitan pola Xustiza.

Daremos tempo para que os equipos se organicen e busquen información sobre o obxectivo e traten de contrastar a información coa súa localidade ou o medio no que viven.

Unha vez recollida toda a información, dividiranse en equipos e realizarán unha investigación sobre persoas (“*heroes*”) que loitan pola xustiza ou loitaron nas súas vidas.

Se o profesor o considera oportuno, poderíase facer nunha ferramenta dixital, como PowerPoint, para realizar a súa presentación.

Cada un dos equipos fará o traballo na clase e preparará unha xornada chamada “POR UN MUNDO XUSTO E SEN MALDADE” na que se presentarán os traballos ao resto dos compañeiros e compañeiras.

ORIENTACIÓNS

As presentacións poderían ser compartidas con outras clases ou mesmo subidas a Internet para que fose visible, se o profesor o considerase oportuno.